

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005  2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A fonte do mouro de Sandiás (2)

A Fonte do Mouro sitúase no fondo do monte de Picos polo nacente, preto do lugar de Sandiás (Ourense).
»Na mesma fonte hay unha moura encantada qu'está sentada n'unha silla d'ouro. Había unha rapaza qu'iba coas ovellas pro veciño "monte de Picos" e a moura aparecíasele e peinaba moi ben con peina d'ouro; pero tiña que ser secreto, y'a rapaza contoullo a mai, entonces, a moura, comeuna; despóis ib'a mai verrando, -¡ay miña María!-. y'a moura contestou, "María, Mariola, frita en aceite vay na miña barrigola". A mai d'esta moura tiña catro fillas encantadas na fonte; unha vez que foi un de Couso as seituras a Castilla, a vella enteirouse e deulle catro panochas de catro cornexos cada unha, para que as fose tirar á fonte e lle desencantar'as fillas; mais a condanada da muller, o ver as panochas que traía o seu home, antoxóusell'o trigo e comeulle un cornexo a unha; pero cand'o home foi cumprir ca orden da vella, tirou as outras tres panochas, unha a unha, e foron salindo hasta tres cabalos moi gordos e n'eles tres mozas moi guapas, que se marcharon; máis, o tirar a coarta, saliu un cabalo sin unha perna (efecto d'haberlle comid'o cornexo a panocha), e por tanto a moza que viña n'él non pudo marchar e continou encantada, pero deulle de regalo pr'a muller un pano encarnado de seda, que habend'o atado a un carballo no camiño, quedou éste feito un carbón, como lle pasaría a muller se o puxera».

[Texto remitido por Xavier Feixoo, Sandiás, Ourense]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE

SANTANA, Urbano, «Resume xeneral de folk-lore de Sandiás», en Revista Nós, números 89, 90 e 93, xuño-setembro, 1931.

BIBLIOGRAFÍA:

www.concellodesandias.com, web de Cultura Popular do concello de Sandiás a cargo de Xavier Feixoo.